

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 14 de novembro de 2016 pola que se modifica a distribución dos servizos ofertados na Resolución do 19 de xullo de 2016 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 28 de abril de 2016, acordou, por unanimidade dos membros asistentes, aprobar as bases reguladoras das axudas aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e facultar o director xeral para a súa convocatoria e publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal se levou a cabo o 3 de agosto de 2016.

No ordinal cuarto do resolvo aparece unha distribución de servizos ofertados en cada convocatoria, co fin de definir os termos da concorrencia competitiva establecida para cada unha das convocatorias do programa. As primeiras convocatorias (2016-1 e 2016-2) do programa Re-Acciona acadaron unha maior demanda do previsto en determinados servizos, mentres que noutros houbo servizos excedentes. Co fin de asegurar a correcta execución do programa, cómpre reasignar os servizos excedentes a convocatorias posteriores, así como adiantar a convocatoria doutros con máis demanda.

A modificación da convocatoria de servizos non supón un maior gasto, dado que a suma dos servizos consumidos nas dúas primeiras convocatorias máis a distribución que se propón nesta modificación dá un total de servizos idéntico ao inicialmente convocado.

En virtude destes antecedentes, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificar a distribución de servizos para as próximas convocatorias 2016-3 e 2017-1, prevista no ordinal cuarto do resolvo da Resolución do 19 de xullo de 2016 pola que se lle



dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que quedaría configurada do seguinte xeito:

Servizo	2016-3	2017-1
Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora (A Coruña)	11	11
Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora (Pontevedra)	13	13
Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora (Lugo-Ourense)	7	6
Mellora da xestión financeira e procura de financiamento	2	0
Optimización da produción e cadea loxística	15	14
Asesoramento para o relanzamento comercial	0	0
Implementación de xestión por procesos	6	6
Mellora da imaxe e comunicación empresarial	0	0
Construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial	10	9
Asesoramento no desenvolvemento de plans de acción	10	9
Elaboración de plans e protocolos de empresa familiar	7	7
Identificación de redes de cooperación e socios	6	6
Asesoramento para a redefinición de negocio	6	0

Artigo 2

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

